

# PROGRAMACIÓN

**CURSO 2021 – 2022**

**4º EDUCACIÓN PRIMARIA**

## ÍNDICE

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1. Introducción e contextualización .....</b>                                   | <b>5</b>  |
| <b>2. Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias clave..</b>  | <b>5</b>  |
| <b>3. Programación das áreas impartidas polas titoras.....</b>                     | <b>10</b> |
| <b>3.1 Matemáticas .....</b>   | <b>10</b> |
| ▪ <b>Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.</b> |           |
| ▪ <b>Temporalización</b>   |           |
| ▪ <b>Mínimos esixibles para o logro das competencias clave</b>                     |           |
| <b>3.2 Lingua Castelá e literature .....</b>                                       | <b>12</b> |
| ▪ <b>Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.</b> |           |
| ▪ <b>Temporalización</b>   |           |
| ▪ <b>Mínimos esixibles para o logro das competencias clave</b>                     |           |
| <b>3.3 Lingua galega e literature .....</b>  | <b>13</b> |
| ▪ <b>Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.</b> |           |
| ▪ <b>Temporalización</b>   |           |

|  |           |
|--|-----------|
| ▪ Mínimos esixibles para o logro das competencias clave  |           |
| <b>3.4 Ciencias Sociais .....</b>  | <b>15</b> |
| ▪ Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.                    |           |
| ▪ Temporalización  |           |
| ▪ Mínimos esixibles para o logro das competencias clave  |           |
| <b>3.5 Ciencias da Natureza .....</b>  | <b>16</b> |
| ▪ Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.                    |           |
| ▪ Temporalización  |           |
| ▪ Mínimos esixibles para o logro das competencias clave  |           |
| <b>3.6 Valores Sociais e cívicos .....</b>   | <b>17</b> |
| ▪ Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.                    |           |
| ▪ Temporalización  |           |
| ▪ Mínimos esixibles para o logro das competencias clave  |           |
| <b>4. Actividades .....</b>  | <b>17</b> |
| <b>5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de promoción do alumnado. ....</b> | <b>19</b> |

|  |            |
|--|------------|
| <b>6. Metodoloxía active .....</b>   | <b>23</b>  |
| • <b>Metodoloxía para a educación a distancia</b>  |            |
| <b>7. Materiais e recursos didácticos .....</b>  | <b>25</b>  |
| <b>8. Medidas de atención á diversidade .....</b>  | <b>28</b>  |
| <b>9. Actividades Complementarias e Extraescolares .....</b>   | <b>32</b>  |
| <b>10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados e procesos de mellora .....</b> | <b>32</b>  |
| <b>11. Programación das áreas impartidas polos especialistas .....</b>   | <b>34</b>  |
| <b>11.1 Relixión .....</b>   | <b>34</b>  |
| <b>11.2 Lingua Inglesa .....</b>   | <b>51</b>  |
| <b>11.3 Educación Artística. Música .....</b>  | <b>197</b> |
| <b>11.4 Educación Artística. Plástica .....</b>  | <b>202</b> |
| <br>   |            |
| <b>12. ANEXOS</b>  |            |
| <br>   |            |
| <b>Anexo 1. Temporalización</b>  |            |
| <br>   |            |
| <b>Anexo 2. Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.</b>  |            |
| <b>a. Matemáticas .....</b>  | <b>210</b> |
| <b>b. Lingua Castelá e Literatura .....</b>  | <b>231</b> |
| <b>c. Lingua Galega e Literatura .....</b>   | <b>270</b> |
| <b>d. Ciencias Sociais .....</b>   | <b>315</b> |
| <b>e. Ciencias da Natureza .....</b>   | <b>335</b> |

**f. Valores cívicos e Sociais**

|   |            |
|---|------------|
| <b>Anexo 3. Lingua Inglesa .....</b>                | <b>326</b> |
| <b>Anexo 4. Educación Artística. Musica .....</b>   | <b>602</b> |
| <b>Anexo 5. Educación Artística. Plástica .....</b> | <b>609</b> |

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

De acordo co Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia especificamos nesta programación os obxectivos, competencias, criterios de avaliación e metodoloxía para o noso nivel, así como os materiais empregados que recollen os contidos que se utilizarán a longo deste curso.

Este nivel constitúe unha unidade de ensino-aprendizaxe, polo que é imprescindible a coordinación de todo o profesorado implicado para o desenvolvemento correcto do currículo. Terá, pois, un carácter global e integrador.

O eixe de traballo será o desenvolvemento das **competencias clave** que permitan camiñara todo o alumnado cara una formación integral útil para o seu desenvolvemento persoal e social que no futuro facilitarán a súa integración no mundo social que o rodea.

## 2. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMNTO DAS COMPETENCIASCLAVE

As competencias claves poden definirse como «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber

ser ouestar». Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarse como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

En base a isto, identificáronse **sete competencias clave**:

**Comunicación lingüística (CCL)**: refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Desta competencia implica ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas.

Hai que dicir que na nosa Comunidade Autónoma, esta competencia refírese ás dúas linguas oficiais.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**: consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar

distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectose espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá

e co mundo laboral. Compre destacar que esta competencia adquire maior importancia na medida en que se utilice para resolver os problemas da vida cotiá.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Ciencias Sociais
- Ciencias da natureza.
- Ed. Musical.

**Competencia dixital (CD)**: consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter ,procesare comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.



- Lingua estranxeira.
- Ciencias sociais.
- Ciencias da natureza

**Aprender a aprender (CAA)**: supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais.

Por unha banda, a adquisición da consciencia das propias capacidades, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolve-las, así como do que se pode facer por un mesmo e con axuda doutras persoas ou recursos. Doutra banda, dispoñer dun sentimento de competencia persoal, baseado na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.

Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

**Competencias sociais e cívicas (CSC)**: é a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas. Tamén foméntase a creatividade e a capacidade para a creación, á adquisición da consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Por outra banda, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.

Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

### 3. PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS IMPARTIDAS POLAS TITORAS

#### 3.1 MATEMÁTICAS

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación.**

**(Anexo2)**

- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**

##### Numeración

- Coñece os números de ata 7 cifras
- Ordena series de números comprendidos entre dous establecidos.
- Coñece o valor posicional das cifras: U (unidades), D (decenas), C (centenas) UM(unidades de millar) DM (decenas de millar) CM (centenas de millar) e U. de millón.

##### Operacións

- Realiza sumas, restas e multiplicacións con levadas de números naturais de ata setecifras
- Realiza divisións de números naturais con divisor dunha cifra.
- Coñece a mecánica da división de números naturais con divisor de dúas cifras.
- Calcula mentalmente sumas, restas e multiplicacións sinxelas.
- Realiza estimacións de sumas, restas e produtos.

- Resolve situacións problemáticas da vida real que impliquen o uso de unha ou varias operacións

### Xeometría

- Recoñece recta, secantes, paralelas.
- Recoñece un ángulo, así como os máis sinxelos: recto, agudo e obtuso.
- Recoñece circunferencia, círculo, radio, diámetro.
- Recoñece os polígonos máis comúns.
- Recoñece os corpos xeométricos básicos.
- Resolve problemas que impliquen a utilización de conceptos básicos de xeometría.

### Unidades de medida

- Expresa medidas de lonxitude, capacidade, peso e tempo.
- Resolve situacións problemáticas sinxelas coas unidades de medida citadas.

### Gráficos

- Le e interpreta táboas e gráficos e responde preguntas sobre os datos expresados neles.

## 3.2. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación. (Anexo2)**
- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**  
Comprende e produce textos orais, breves e sinxelos dos xéneros máis habituais: narrativos, descritivos, informativos...

### Lectura

- Le en voz alta diferentes textos coa fluidez e entoación adecuada.
- Amona certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese.

### Comprensión e expresión escrita

- Crea textos sinxelos: narración, descrición e resumo de información do entorno ou das súas vivencias.
- Elabora pequenos textos que o axudan a organizar e comunicar a información académica.
- Coida a presentación dos traballos escritos.
- Extrae as ideas esenciais dun texto, a máis doutros aspectos de comprensión de texto.

### Comprensión e expresión oral

- Respecto polas normas de comunicación: quenda de palabra, escoitar e organizar una conversa.
- Exprésase de forma oral correctamente, en diferentes situacións e co vocabulario preciso.

## Coñecemento da Lingua

- Identifica e sinala as linguas de España.
- Explica as regras de acentuación: agudas, llanas e esdrúxulas.
- Aplica correctamente as regras de ortografía e acentuación en ditados: sons G, K,Z, R forte e suave e B.
- Manexa o dicionario.
- Identifica as partes da oración: suxeito e predicado.
- Recoñece diferentes tipos de palabras: antónimos, sinónimos, derivadas, compostas, polisémicas

### **3.3 LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación. (Anexo2)**
- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**

#### Comprensión e expresión oral

- Respecto polas normas de comunicación: quenda de palabra, escoitar e organizar una conversa.
- Exprésase de forma oral correctamente, en diferentes situacións e co vocabulario preciso.
- Comprende e produce textos orais, breves e sinxelos dos xéneros máis habituais: narrativos, descritivos, informativos...

## Lectura

- Le en voz alta diferentes textos coa fluidez e entoación adecuada.
- Amona certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese.

## Comprensión e expresión escrita

- Crea textos sinxelos: narración, descrición e resumo de información do entorno ou das súas vivencias.
- Elabora pequenos textos que o axudan a organizar e comunicar a información académica.
- Coida a presentación dos traballos escritos.
- Extrae as ideas esenciais dun texto, a máis doutros aspectos de comprensión de un texto.

## Coñecemento da Lingua

- Identifica e sinala as linguas de España.
- Explica as regras de acentuación: agudas, llanas e esdrúxulas.
- Aplica correctamente as regras de ortografía e acentuación en ditados: sons G, K, Z, R forte e suave e B.
- En lingua galega coñece o son X e o dígrafo nh.
- Manexa o dicionario.
- Identifica as partes da oración: suxeito e predicado.
- Recoñece diferentes tipos de palabras: antónimos,

sinónimos, derivadas, compostas, polisémicas

### 3.4 CIENCIAS SOCIAIS

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación. (Anexo2)**
- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**
  - Recoñece a Terra como planeta no que habita e explica os seus movementos.
  - Describe e interpreta distintas formas de representación da Terra.
  - Coñece as tres capas da Terra (atmosfera, xeosfera e hidrosfera) e identifica as súas principais características.
  - Identifica a necesidade do aire e da auga para todo ser vivo e é consciente da necesidade de facer un consumo responsable.
  - Enumera e sitúa as zonas climáticas do planeta.
  - Coñece onde vive: localidade, provincia, comunidade, país e continente.
  - Interpreta un mapa de España e localiza as unidades do relevo.
  - Coñece os elementos que configuran unha paisaxe e identifica as distintas paisaxes de España.
  - Recoñece os sectores de produción.
  - Recoñece os dereitos e deberes dos nenos como membros da sociedade e as normas básicas de convivencia familiar e veciñal.



- Recoñece o paso do tempo en si mesmo e na sociedade e valora a conservación do noso patrimonio histórico e dos costumes.
- Identifica as idades da historia e as características máis representativas da Prehistoria e da Idade Antiga.

### 3.5 CIENCIAS NATURAIS

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación. (Anexo2)**
- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**
  - Recoñece o máis esencial do seu corpo: partes, articulacións, ósos, músculos e órganos.
  - Describe características das funcións de nutrición, relación e reprodución.
  - Identifica e interioriza os hábitos de vida saudables e aplícaos na súa vida cotiá.
  - Identifica os alimentos necesarios para levar unha dieta equilibrada.
  - Identifica as funcións vitais dos seres vivos.
  - Identifica os cinco grupos de animais e explica as súas características principais.
  - Identifica as características fundamentais das plantas.
  - Diferencia entre materiais naturais e artificiais.
  - Identifica as principais fontes de enerxía.
  - Distingue entre máquinas simples e complexas e pon exemplos.

### **3.6 VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

- **Obxectivos e Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de avaliación. (Anexo2)**
- **Temporalización (Anexo 1)**
- **Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**
  - Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.
  - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais.
  - Respecta e acepta as diferenzas individuais e reconece as calidades doutras persoas.
  - Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos.
  - Resolve, nos grupos sociais que se relaciona, pacificamente os conflitos.
  - Coñece e aprecia os valores e as normas de convivencia.
  - Identifica e expresa causas de accidentes de tráfico e medidas de seguridade e prevención

### **4. ACTIVIDADES**

En canto á selección de actividades que desenvolveremos ao longo do curso teremos en conta a gradación respecto á dificultade formulada, o grado de abstracción que necesitan, asía adaptación aos obxectivos

previstos, a atención á diversidade, a posibilidade de relacionar aprendizaxes, que motiven a participación e esperten interese, ademais de que atendan ao ritmo dos alumnado: fichas fotocopiáveis, fichas de reforzo/ampliación, xogos, dramatizacións....

Así buscaranse actividades de diferentes tipos: de motivación, de avaliación, actividades de reforzo e ampliación para deste xeito dar resposta á diversidade do alumnado que temos nas aulas.

Así mesmo, ao longo do curso escolar realizaranse todas aquelas saídas que vaian xurdindo e que potencien o proceso de ensino-aprendizaxe.

Estableceranse actividades para as celebracións anuais, tales coma: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz, Letras Galegas...

### ***Tarefas escolares realizadas na casa***

Segundo o acordado polo centro teremos en conta os seguintes obxectivos e criterios:

#### ***Obxectivos***

- Reforzar o aprendido: axudarán a reforzar ou afianzar o que xa se aprendeu na escola.
- Aplicación práctica: na medida do posible serán unha aplicación á vida cotiá do que se aprendeu.
- Crear hábito de estudo: A dedicación dun tempo diario as tarefas escolares axuda a conformar un hábito de traballo e de estudo.

## **Cráterios**

- Unha actividade máis: serán unha actividade máis no seu horario compatible coas actividades propias e necesarias a súa idade: xogar, gozar do aire libre, convivir coafamilia, realizar actividades extraescolares,...
- Deben saber facelas por si mesmos: a maioría das tarefas deberán facelas por simesmos, sen axuda dos adultos.
- Variadas: encargaremos tarefas de “lapis e papel”, de buscar información, depreguntar, ler, inventar...

## **5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Tendo en conta o establecido tanto no *Decreto 105/2014, do 28 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e na *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, levaremos a cabo unha avaliación continua, global, formativa e integradora e teremos en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaremos para a recollida da información diferentes procedementos. Tales como: listas de control, probas obxectivas, controis temáticos, rexistros anecdóticos, observación directa, entrevistas cos pais,

entrevistas cos alumnos..

Asi mesmo sinalar que ao tratarse dunha avaliación continua poderemos incorporar reforzosou ampliacións para aqueles alumnos que o necesiten en calquera momento do curso.

Para levar a cabo a cualificación teremos como referente una serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. Dita cualificación aplicarase do seguinte xeito:

| <b>Elementos avaliados</b>   | <b>Puntuación máxima</b> |
|--|--------------------------|
| Atención, interese e aplicación do aprendido<br>Tarefas realizadas na aula: participación oral; actividades en fichas, cadernos, pizarra ou outros medios.<br>Tarefas realizadas na casa<br>Intervencións positivas na clase<br>Valoración do traballo en grupo<br>Coidado do material<br>Cumprimento das normas<br>Correcto trato cos compañeiros e cos mestres | 30 %                     |
| Probas de avaliación escritas ou orais   | 70 %                     |

Os resultados da avaliación dos alumnos expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), e sobresaínte (SB). Ademais engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaínte (9 ou 10). O insuficiente é unha cualificación negativa, e as demais todas positivas.

Ao comezo de curso realizaremos unha avaliación inicial. A cal inclúe a análise dos informes persoais do nivel anterior, e serviranos como referencia para concretar a programación de aula.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e en elas figurarán as medidas de reforzo (RE) ou adaptacións curriculares significativas (ACS) que sexan necesarias.

Os documentos oficiais de avaliación correspondentes a este nivel son: as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as nais/pais ou persoas titoras legais dos alumnos, recibirán información dos seus resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoptaron en caso de ser necesario tomalas.

Nas sesións de avaliación de cada grupo, tamén avaliaremos a nosa práctica docente en relación coa adecuación aos nosos alumnos, co desenvolvemento das competencias clave e co logro dos obxectivos da etapa.

## **Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Durante as primeiras semanas do curso, realizaremos unha avaliación inicial aos alumnos/as para coñecer a situación de partida.

Os recursos empregados para realizar dita avaliación son:

- Criterios de avaliación: Son os indicadores do lugar onde se debe atopar o alumno/a ao comezo do curso.  
de avaliación refírense a conceptos numéricos, cantidades, espazos e formas.
- Suxestións de actividades: Axudan ao mestre/a a coñecer o punto de partida do alumnado a partir da observación directa. Estas actividades realizaranse de xeito individual, por grupos ou toda a clase e están relacionadas cos criterios de avaliación.
- Probas escritas: Fichas fotocopiáveis para a avaliación individual, que permiten coñecer o estado do alumno/a respecto a cada seu criterio de avaliación.
- Formulario de rexistro persoal: Folla fotocopiábel para consignar o resultado da valoración de cada alumno.

## **Actividades de recuperación e reforzo para lograr dita recuperación**

Entre as actividades de recuperación e os reforzos estarían as seguintes:

- Traballar en colaboración co Departamento de Orientación (facilitando material e asesoramento).
- Traballar dun xeito máis pausado, durante o primeiro trimestre.
- Cando nun alumno ou nunha alumna se identificasen necesidades educativas especiais, recollerase no seu expediente persoal unha copia da valoración psicopedagóxica, os apoios e as adaptacións

curriculares que fosen necesarias.

### **Criterios de promoción do alumnado**

Ao rematar o curso e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a **promoción do alumnado**. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora. Para o cal seguiremos a *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación ea promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e os criterios aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro no curso 2026-2017, que son:

- Número de áreas suspensas (fundamentalmente as instrumentais)
- A madurez de cada alumno
- A situación socioeconómica e familiar de cada alumno

## **6. METODOLOXÍA ACTIVA**

Pretendemos traballar respectando unha serie de principios metodolóxicos comúns paratodo o alumnado do nivel. Estes principios comúns son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno e os coñecementos previos.
- Tomar como punto de partida os intereses dos alumnos.
- Dotar ás actividades de ensinanza–aprendizaxe dun carácter lúdico, facendo gratificante estimulante a aprendizaxe do alumno.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma, dotando aos alumnos dos



mecanismos necesarios que lles permitan levar a cabo unha aprendizaxe significativa por si mesmos.

- Modificar os esquemas de coñecemento previo que o alumno posúa acordando a distancia entre o nivel de desenvolvemento real e o potencial.
- Globalizar as ensinanzas e os contidos de aprendizaxe, co fin de favorecer a súa adquisición e garantir a súa funcionalidade.
- Empregar na medida do posible, as situacións de xogo como estimuladoras.
- Empregar métodos visuais de comunicación que sirvan de soporte á información que se transmite por vía oral (ordenador, Cds, internet, debuxos, murais...)
- Plantexamento de actividades e procedementos diversificados adaptados aos diferentes niveis e intereses dos alumnos.
- Garantir a participación dos pais e nais para posibilitar unha continuidade no traballo así como dos distintos profesionais que interveñen na atención educativa.

De xeito xeral, podemos establecer que se desenvolverá unha metodoloxía integradora na que participe toda a Comunidade Educativa, mediante unha labor preventiva, e detectaranse posibles lagoas, aplicando todos os recursos dos que dispomos no centro.

## **METODOLOXÍA PARA EDUCACIÓN A DISTANCIA**

No caso de que teñamos que volver nalgún momento do curso a unha situación de confinamento e traballar co noso alumnado a distancia, estes son os recursos cos que podemos contar e que xa se puxeron en marcha, en parte, no último trimestre do curso anterior:

- Blog de nivel, para colgar actividades diarias, vídeos didácticos, informacións educativas das diferentes materias...
- Blog de especialidades.
- Blog de Biblioteca.
- Aula virtual do centro escolar.
- Correo electrónico, Abalar e chamadas telefónicas.
- Cisco Webex, para clases virtuais e video conferencias.
- Recursos Web: gran variedade de recursos en liña que podemos usar no caso de ter que pasar a unha ensinanza telemática como as das propias editorias dos libros de texto, páxinas webs gratuitas con contidos educativos multimedia, plataformas como YouTube...

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Dentro dos recursos atopámonos con recursos tanto materiais, como recursos humanos.

**Recursos Materiais:** para seleccionar, organizar e empregar os recursos materiais, teranse en conta os seguintes criterios: seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, polivalencia, hixiene, multisensoriais, dificultade gradual, e que se adapten ás posibilidades e necesidades dos alumnos.

Partindo disto, no centro dispomos dos seguintes materiais:

- Material Impreso: Material dirixido ao alumnado: libros de texto, contos, láminas, póster, xornais, material de lecto-escritura...
- Material dirixido ao profesorado: guías didácticas e guías curriculares, material para a busca de información.
- Material Manipulativo: existe unha variedade de material de carácter manipulativo, entre os que podemos destacar os seguintes: dominós, crebacabezas, material de plástica (pinceis, témperas, ceras de cores, lapis de cores, plastilina, papel de seda, punzóns...), ábacos, xogos de medidas e moedas, figuras xeométricas, reloxo didáctico, láminas etc.
- Materiais audiovisuais: proxector, Cds....
- Materiais auditivos: lector de CD, micrófonos...
- Materiais visuais: taboleiros, diversos tipos de pizarras, pósteres, pictogramas, fotografías, murais...
- NNTT: Ordenadores de sobremesa e portátiles, pantalla dixital interactiva

## **Recursos Humanos**

- Propios do Centro: Director, Claustro, Consello Escolar, CCP e Departamento de Orientación. Mestres (titores, especialistas de área e especialistas como P.T., A.L.)
- Alumnado.
- Externos ao Centro: Equipos de Orientación Específicos.
- CEFORE
- Concello (biblioteca, educadora social...)
- As familias: Pais, nais, e titores legais.

## **Recursos Organizativos**

As medidas organizativas que se adoptarán estarán en función da dotación da plantilla que dispón o centro e dos alumnos escolarizados no mesmo.

- Como norma xeral, tentarase proporcionar aos alumnos unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, aos seus intereses e ritmos de aprendizaxe.
- Tamén estableceremos sesións de coordinación:
- Ao comezo de curso realizaranse sesións cos titores dos cursos anteriores co fin de intercambiar información sobre o alumnado. Tamén coa Orientadora.
- Manteranse reunións de nivel semanalmente.
- Como mínimo, enviaráselle trimestralmente información por escrito ás familias.
- Contemplanse unha hora semanal de tutoría ou atención a país

(ou titores legais) tanto polos titores como polos especialistas do centro.

- Facilitarase unha organización flexible do espazo interior da aula, que permita facer fronte á diversidade de actividades e situacións que poidan presentarse, mantendo un equilibrio entre o traballo individual e o colectivo, autonomía nos movementos, etc.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Comprenden as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado .

A intervención educativa na etapa de primaria atenderá á diversidade do alumnado, é dicir, centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades,

ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar.

O obxectivo final que perseguimos é a integración total do alumnado, a igualdade, referíndose tanto a igualdade de oportunidades coma a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Para poder facer

realidade este obxectivo realizaranse as adaptacións de acceso ao currículo así como dos elementos curriculares que sexan precisos para atender as necesidades de todo o alumnado.

Finalmente, hai que ter en conta que a atención á diversidade refírese ás necesidades de todos os alumnos/as, non só dos que presentan necesidades de atención específica de apoio educativo, xa que cada alumno/a é único e ten necesidades que o diferencian dos demais.

Faise, por tanto, necesario o emprego de **estratexias que garantan a atención á diversidade**, polo que levaremos a cabo unha serie de pautas referidas a:

- Un contexto da aula no que se levará a cabo unha atención individualizada e personalizada, atendendo aos ritmos e necesidades de cada un dos alumnos/as para previr posibles problemas e dificultades.
- Unha organización de tempos, espazos e materiais, que faciliten o aprendizaxe significativo, por medio da exploración, a manipulación, a observación...
- Unha metodoloxía adaptada ao contexto da aula na que prime o fomento da innovación e a investigación, o traballo por proxectos, recunchos, talleres, centros de interese... Realizaranse tamén actividades que reforcen as aprendizaxes duns e actividades que amplíen as de outros.
- Unha actitude positiva por parte do profesorado.
- Unha boa coordinación de tódolos axentes implicados no proceso educativo, cooperación coas institucións e as administracións

públicas, e ao mesmo tempo, coas familias, nun clima de confianza e entendemento mutuo.

Cando cumpra, deseñaranse **programas de intervención**, para cuxo fin é preciso detectar as NEE do alumnado para o que se fará unha primeira fase de recollida de datos e avaliación das necesidades por parte do profesorado e o departamento de orientación.

Co obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características persoais segundo os seguintes parámetros:

- Rendemento do alumno no ciclo anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.

Obteremos a información referente a estes puntos grazas a:

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario aos pais.
- Entrevista cos pais.
- Recadando información no xade web.
- Observación e interacción directa co alumno.
- Probas estandarizadas.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos

alumnos.

Todas as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo no noso centro quedarán recollidas no Plan de Atención á Diversidade.

Neste nivel levarase a cabo:

- Programa de mellora da comprensión lectora.
- Continuidade da mestra de AL cos alumnos e alumnas que non foron dados de alta no curso anterior e que seguen a necesitar reforzo logopédico.
- Atención de PT aos alumnos/as que xa a recibían no curso anterior e que non foron dados de alta, priorizando a unha alumna con acondroplasia e retraso intelectual e a un alumno con retraso madurativo.

Mentres non se realice unha primeira avaliación do alumnado, os plans de reforzo a levar acabo serán os elaborados polo profesorado a finais do curso 2019/2020.

Os plans de reforzo recollerán os procedementos e propostas de reforzo do alumnado que non supere ou amose dificultade nalgunha área, indicando as aprendizaxes adquiridas, as dificultade que lle impiden adquiridas e criterios de valoración das propostas.



## **9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Como actividades complementarias celebraranse no centro o Magosto, o Samaín, o Entroido, odía do libro, o día das Letras Galegas e o fin de curso. Teremos en conta as actividades ofertadas polo Concello e outros organismos.

A través de estas actividades pretendemos ampliar e reforzar os contidos impartidos na aula así como fomentar a motivación do alumnado .

Das actividades que vaian chegando, o nivel debaterá sobre cales son as máis convintes e adaptadas para a idade dos alumnos do nivel. Terán que ser aprobadas polo nivel e cumprir cos requisitos que alí se determinen, que figurarán no Plan do Centro.

Este curso escolar a realización deste tipo de actividades estará suxeita ao cumprimento de tódalas restricións e recomendacións do protocolo elaborado pola Consellería de Educación en relación á Covid 19.

## **10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Por último, e xa que debemos avaliar a nosa propia práctica pedagóxica por medio de **indicadores de logro**, estableceremos os aspectos a valorar, para analizar e mellorar o noso labor docente. Deste xeito e, dado o carácter formativo da avaliación, poderemos reconducir o proceso de ensino-

aprendizaxe. Estes indicadores que se valorarán ao concluír cada unidade didáctica, farán alusión a:

- Progreso global do alumnado, especial atención ao alumnado con NEAE.
- Adecuación do nivel dos contidos traballados ás características do alumnado.
- Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
- Adecuación e distribución de recursos (materiais, temporais, espaciais, ...)
- Desenvolvemento na clase da programación.

Realizarase unha avaliación continua da programación segundo se vaia desenvolvendo o curso, aplicando as medidas correctivas que se estimen necesarias. O profesorado reunirse, cando menos, unha vez cada trimestre para facer unha valoración.

No caso de que a programación non cumprise cos obxectivos previstos, iremos facendo as correccións necesarias e as propostas correspondentes de mellora.

Todo aquilo que sexa mellorable recollerase nas memorias como recomendación para o vindeiro curso.

## 11. PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS IMPARTIDAS POR ESPECIALISTAS

### 11.1 RELIXIÓN

#### OBXECTIVOS

1. Afondar no pecado humano a través de relatos das relixións antigas.
2. Recoñecer a importancia do perdón para a felicidade.
3. Traballar os relatos bíblicos para identificar a orixe do pecado.
4. Comprender a singularidade do perdón de Deus.
5. Identificar momentos na historia de David onde se abusa da misión de Deus.
6. Coñecer as razóns polas que David sente a necesidade de redención.
7. Ler e recoñecer historias bíblicas onde Deus promete o Mesías.
8. Traballar e comprender as parábolas do perdón.
9. Valorar a sensibilidade de Xesús polos máis necesitados.
10. Recoñecer o cumprimento da vontade do Pai na paixón e morte de Xesús.
11. Comprender como Deus concede o perdón a través do sacramento da Reconciliación.
12. Recoñecer os signos da Eucaristía.
13. Recoñecer na Coresma un tempo penitencial.

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

### Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A experiencia do pecado nos relatos das relixións antigas.
- O perdón como necesidade do ser humano.

### Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.
- Deus está sempre disposto ao perdón.
- Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.
- David sente na súa vida a necesidade de redención.
- Deus fiel promete un Mesías.

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.
- Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados.
- Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús.

### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- O sacramento da Reconciliación.
- A celebración da Eucaristía.
- A Coresma: tempo penitencial.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### Bloque 1. O sentido relixioso do home

1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.

1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.

2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.

### Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1.1. Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e orexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.

1.2. Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.

2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.

3.1. Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.

4.1. Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.

4.2. Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de

David nas que Deus operdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.

5.1. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.

2.1. Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.

3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.

4.1. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.

4.2. Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.

### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1.1. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.

1.2. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.

2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

3.1. Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

## **ACTIVIDADES**

Realizaremos os exercicios do libro que se propoñen para cada unidade didáctica. Dependendo das características do curso poderemos realizar uns ou outros. Ademais utilizaremos fichas elaboradas polas profesoras para completar e afianzar coñecementos.

Veremos breves películas para afianzar os contidos traballados.

Non está previsto realizar ningunha actividade complementaria nesta materia.

## **TEMPORALIZACIÓN**

- Semana do 28 de setembro ó 23 de outubro: O mal apártanos de Deus (T.1)
- Semana do 26 de outubro ó 20 de novembro: Deus quere axudarnos (T.2)
- Semana do 23 de novembro ó 18 de decembro: A amizade con Deus (T.3)
- Semana do 7 de xaneiro ó 21 de xaneiro: Xesús, un home bo (T.4)
- Semana do 1 de febreiro ó 26 de febreiro: Xesús ensínanos a perdoar (T.5)
- Semana do 29 de febreiro ó 18 de marzo: Xesús morreu por todos(T.6)
- Semana do 29 de marzo ó 22 de abril: O sacramento da reconciliación (T. 7)
- Semana do 25 de abril ó 20 de maio: A Eucaristía (T.8)
- Semana do 23 de maio ó 17 de xuño: O Bautismo (T.9)

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.
2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.

## Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.
2. Coñecer as características do perdón de Deus.
3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.
4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.
5. Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.

## Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.
2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.
3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.
4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.

## Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.
2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.
3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.

## **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### Bloque 1

- 1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.



## Bloque 2

2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.

2.2. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.

## Bloque 3

3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.

3.2. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.

## Bloque 4

4.1. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.

4.2. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

- As probas escritas: 80%
- Libretas: 20%

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade que terán que recoller na libreta do alumno.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe, aínda que procuraremos non facelas.
- Fichas con actividades sobre o tema.

- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

## **DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Aplicaremos as probas que a editorial Anaya ten para tal fin .

Non se terán en conta á hora de cualificar o trimestre, nin se porá nota . Servirán para que o profesorado coñeza a situación de partida de cada clase e saiba que coñecementos teñen xa adquiridos e en cales hai que facer fincapé.

## **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO**

O alumnado que necesite recuperar unha avaliación terá que entregar ao profesorado as fichas e traballos que para tal fin determine a profesora. As fichas serán as que a editorial nos achega para tal fin. Co alumnado que necesite reforzo, a profesora realizará un seguimento e acompañamento individualizado.

## **METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR**

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias axeitadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos

ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está ensinado. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socioafectivas non sexan consideradas fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como

| b)<br>f)                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estratexias de produción: clasifican o vocabulario en diferentes categorías; completan xogos no iPack co vocabulario; escriben frases seguindo un modelo.</li> </ul> | <p>B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. </p> | <p>PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> | <b>CL</b> |

|  |  |  |                                |
|--|--|--|--------------------------------|
| <p>▪ Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas: -----.</p> | <p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. <sup>L</sup>SEP</p>  | <p>PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</p>   | <p><b>CL</b></p>               |
|  | <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p> | <p>PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).</p> | <p><b>CL</b></p>               |
|  | <p>B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades</p>  | <p>PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus</p>  | <p><b>CL</b><br/><b>AA</b></p> |

|  |  |                                     |   |  |
|--|--|-------------------------------------|---|--|
|  |  | preelaboradas polo persoal docente. | datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).  |  |
|  |  |                                     | PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.                |  |
|  |  |                                     | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. |  |
|  |  |                                     | PLEB4.8. Utiliza de xeito   |  |

|   |   |   |   |           |
|---|---|---|---|-----------|
|   |   |   | guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.  |           |
|   |   |   | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.   |           |
|   |   |   | PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. |           |
| <b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural</b> |   |   |   |           |
| b)<br>f)  | ▪ Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: breves | B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos  | <b>SC</b> |

|   |  |   |                                  |
|---|--|---|----------------------------------|
| <p>diálogos sobre o Nadal e o Pancake Day; breves diálogos sobre temas cotiáns; preguntas e respostas cun compañeiro; a comida típica do día de Nadal e as tortas típicas do Pancake Day; os ingredientes dunha torta típica do Pancake Day.</p> <p>▪ Funcións comunicativas: descripción da comida típica do Nadal e das</p> | <p>comprensión adecuada do texto oral e escrito. <small>[SEP]</small></p>  | <p>países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p> |                                  |
|   | <p>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.</p>  | <p>PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</p>  | <p><b>CL</b><br/><b>SC</b></p>   |
|   | <p>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos. <small>[SEP]</small></p> | <p>PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.</p>  | <p><b>CL</b><br/><b>SIEE</b></p> |
|   | <p>B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en</p>   | <p>PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito</p>  | <p><b>CL</b><br/><b>SC</b></p>   |

|   |  |  |           |
|---|--|--|-----------|
| <p>tortas típicas do Pancake Day; descrición das imaxes do libro; descrición e expresión dos seus gustos sobre a comida de Nadal e receitas tradicionais.</p> <p>▪ Estruturas sintáctico-discursivas: <i>Is it a...? Yes, it is./ No, it isn't. Are they...? Yes, they are. / No, they aren't. Do you eat your pancakes</i></p> | <p>situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. </p> | <p>comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</p>                                     |           |
|   | <p>B5.5. Expresar noções básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.</p>   | <p>PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...</p>       | <b>CL</b> |
|   | <p>B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.</p>   | <p>PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).</p> | <b>CL</b> |
|   | <p>B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre</p>                       | <p>PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o</p>  | <b>CL</b> |



|  |   |   |  |                  |
|--|---|---|--|------------------|
|  | <p><i>with...? Yes, I do. / No, I don't.</i></p> <p>▪ Léxico de alta frecuencia relativo a: <b>Christmas dinner:</b> <i>turkey, roast potatoes, gravy, mince pies, carrots, sprouts, Christmas pudding, ham;</i></p> <p><b>Pancake Day:</b> <i>pancake, pan, apron, honey, chocolate, cheese, sugar, lemon.</i></p> | <p>outras.</p>  | <p>permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</p>   |                  |
|  |   | <p>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. <small>[L]<br/>[SEP]</small></p> | <p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p> | <p><b>CL</b></p> |
|  |   | <p>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. <small>[L]<br/>[SEP]</small></p>  | <p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</p>  | <p><b>CL</b></p> |
|  |   | <p>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de</p>  | <p>PLEB5.10. Memoriza rutinas</p>  | <p><b>CL</b></p> |

|  |   |   |                                |
|--|---|---|--------------------------------|
|  | <p>progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).</p>  | <p>lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</p>  |                                |
|  | <p>B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p> | <p>PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas</p> | <p><b>CL</b><br/><b>SC</b></p> |
|  | <p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou</p>                                      | <p>PLEB5. 13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para</p>  | <p><b>CL</b><br/><b>SC</b></p> |

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  | fóra dela.   | participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. |  |
|  |  | B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade. |  |  |

## ACTIVIDADES

As actividades que desenvolveremos ao longo do curso serán seleccionadas tendo en conta a graduación respecto á dificultade formulada, o grado de abstracción que necesitan, a adaptación aos obxectivos previstos, a atención á diversidade, a posibilidade de relacionar aprendizaxes, que motiven a participación e esperten interese e atendan ao ritmo dos alumnado: fichas fotocopiáveis, fichas de reforzo/ampliación, xogos, dramatizacións....

Seleccionaremos diferentes tipos de actividades: de motivación, de avaliación, actividades de reforzo e ampliación... para poder dar resposta á diversidade do alumnado que temos nas aulas.

Ao longo do curso escolar realizaránse todas aquelas saídas que vaian xurdindo e que potencien o proceso de ensino-aprendizaxe.

A principios de curso, o 30 de setembro, celébrase o “English T-shirt Day”. O alumnado ten que vestir durante este día unha camiseta cun rótulo en inglés. Unha actividade moi motivadora para todos eles e na que tamén participa o profesorado.

Estableceranse actividades para as celebracións anuais, tales coma: Halloween, Christmas, Peace Day, Easter ...

Para as **Tarefas escolares realizadas na casa** teremos en conta os obxectivos e criterios acordados polo centro:

### *Obxectivos*

- Reforzar o aprendido: axudarán a reforzar ou afianzar o que xa se aprendeu na escola.

- Aplicación práctica: na medida do posible serán unha aplicación á vida cotiá do que se aprendeu.
- Crear hábito de estudo: A dedicación dun tempo diario as tarefas escolares axuda a conformar un hábito de traballo e de estudo.

### *Crterios*

- Unha actividade máis: serán unha actividade máis no seu horario compatible coas actividades propias e necesarias a súa idade: xogar, gozar do aire libre, convivir coa familia, realizar actividades extraescolares,...
- Deben saber facelas por si mesmos, sen axuda dos adultos.
- Variadas: encargaremos tarefas de búsqueda de información, de preguntar, ler, inventar...

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Ler e entender textos escritos prestando atención a información específica.

Captar o sentido global e identificar información específica en textos orais sobre temas familiares e de interese.

Escribir textos sinxelos e cortos sobre situación propias e cercanas ás súas experiencias a partires de modelos dados.

Interactuar de maneira oral en conversacións sobre temas cercanos ao alumno ou alumna.

Discriminar, identificar e pronunciar aspectos propios da lingua inglesa.

Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.

## **AVALIACIÓN**

### **1.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

Ao comezo do curso escolar realizarase a Avaliación inicial para obter información acerca do nivel de coñecementos previos do alumnado, e así establecer un punto de partida.

Se observamos nalgúns alumno ou alumnas erros, tentaremos corrixilos ao longo do curso académico, tomando as medidas que a diversidade do noso alumnado precise.

Realizarase unha avaliación oral e/ou escrita ao remate dos temas para coñecer e valorar o grao de consecución dos obxectivos.

#### ***1.1.-Procedementos e instrumentos de avaliación***

---

- Observación directa do traballo diario no caderno de clase.
- Preguntas individuais e colectivas.
- Tarefas diversas do alumnado realizadas na actividade diaria de clase.
- Traballos en grupo: Exposición ante os demais dos proxectos .Grao de implicación, iniciativa e asertividade.
- Observación e valoración do grao de participación activa de cadaalumno

diariamente na aula.

- Orde e limpeza na presentación das tarefas: cadernos, composicións...
- Rúbrica das unidades didácticas e de habilidades xerais.
- Avaliación das competencias

### **1.2.-Criterios de avaliación e cualificación do alumnado : Acordos na CCP 02102018**

#### Elementos avaliábeis

---

- ✓ Atención, interese e aplicación do aprendido.
  - ✓ Actitude na aula
  - ✓ Tarefas realizadas na aula, participacións orais, actividades en fichas, saída á pizarra, ...
  - ✓ Tarefas realizadas na casa (libretas, lecturas libros, ...)
- } 30%
- 
- ✓ Probas de avaliación escritas ou orais
- } 70%

#### Normas para a avaliación do alumnado

---

- A nota ordinaria é a nota media das tres avaliacións. Esta nota pode ser igual, inferior ou superior á nota da 3ª avaliación.
- Cando a nota media sexa cinco ou superior ás cinco décimas se aproximará a nota superior.

## METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a



importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

- **Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.
- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

- **Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.
- **A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe;** contamos cun Caderno de Avaliación no que anotaremos as observacións referentes ó progreso de cada alumno.
- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

- **Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## ADAPTACIÓN COVID-19

Modalidade presencial, semipresencial e non presencial

---

A presente programación do curso 20/21 podería ser aplicada de igual xeito chegado o caso de que a situación sanitaria do momento fixese necesario seguir co presente curso de xeito **semipresencial ou non presencial**, por confinamento ou suspensión temporal das clases. Tamén sería aplicable chegado o caso de que un **alumno en concreto**, un **grupo** ou todo un **nivel** tivesen que ser aillados baixo corentena.

No tocante a contidos, obxectivos e criterios de avaliación, estes desenvolveríanse do mesmo xeito que ata o momento da suspensión das clases, pero dando paso a unha metodoloxía de base telemática.

### Recursos para una adaptación metodolóxica en modalidade semipresencial ou non presencial

A continuación citaremos unha serie de recursos que empregaremos de se dar o caso do citado anteriormente:

- **AULA VIRTUAL.** É unha plataforma dixital en liña, de libre acceso para alumnos e familias do centro onde se verterán os contidos necesarios a traballar así como, diversas actividades para reforzar ditos contidos.
- **ESPAZO ABALAR.** É outra plataforma virtual na cal se fomenta a comunicación entre os diferentes ámbitos da comunidade educativa e, na que chegado o caso de paso a modalidade semipresencial ou non presencial, poderíanse establecer canles de comunicación directa con familias e alumnos (*resolución de dúbidas, entrevistas, información xeral...*)
- **CORREO ELECTRÓNICO.** É un servizo de mensaxería de dobre vía que nos permite dun xeito rápido e eficaz o envío de informacións, documentos, correccións...
- **CISCOWEBEX.** É unha plataforma de encontro virtual, recomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que permite a realización de xuntanzas virtuais entre o propio claustro así como con alumnos e familias. É un xeito moi eficaz para a realización de clases en liña.
- **CHAMADAS TELEFÓNICAS.** As chamadas telefónicas entre os mestres e as familias son outra vía de comunicación moi eficaz no caso de ter que solventar

dúbidas, proporcionar información...mantendo así unha comunicación aberta coas familias.

**- BLOG DE INGLÉS ([englishbreycorner.blogspot.com](http://englishbreycorner.blogspot.com))**

É unha plataforma dixital que empregaremos para reforzar todos aqueles aspectos de carácter xeral. Estes estarían relacionados co desenrolo natural das catro. habilidades básicas (*listening, speaking, reading and writing*) nese mesmo orde e mantendo sempre un enfoque comunicativo orientado de cara á parte máis lúdica e polo tanto, motivadora

**- RECURSOS WEB.** Ademais do exposto anteriormente, hoxe en día temos unha ampla variedade de recursos en liña que nos serán de gran utilidade no caso de transcorrer o curso dun xeito telemático: **páxinas web das editoriais dos textos de referencia de cada nivel** (*de libre acceso para alumnado e familias á partires dos códigos proporcionados pola editorial*), **páxinas web gratuitas especializadas en actividades multimedia** (*worksheets, webquests, games...*) para o ensino de inglés así como enlaces procedentes de diversas fontes como por exemplo Youtube.

### **11.3 EDUCACIÓN**

#### **ARTÍSTICA.MÚSICA**

### **11.4 Obxectivos**

#### **Obxectivos xerais**

Dentro dos obxectivos da educación primaria, a educación musical contribúe a traballar especialmente os seguintes:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Obxectivos específicos**

1. Diferenciar distintos tipos de agrupacións musicais.
2. Discriminar o timbre de distintos tipos de instrumentos.
3. Identificar a estrutura interna das cancións.
4. Usar o canto como medio de gozo respectando os demais.
5. Clasificar os instrumentos musicais en función das súas características.
6. Saber interpretar o contido dunha partitura.
7. Investigar sobre a historia da música.
8. Utilizar a frauta para expresarse musicalmente coidando a respiración.
9. Expresar música a través do corpo.
10. Utilizar a danza como medio de expresión

### **Secuencia de contidos e temporalización. Criterios de avaliación.**

**Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles. (Ver a táboa do ANEXO 4)**

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

A cualificación de cada avaliación virá dada polos dos seguintes aspectos:

- Traballo diario: 40%.
- Comportamento e actitude: 20%.
- Respostas orais e escritas ás preguntas: 10 %.

- Interpretación musical: 20%.
- Limpeza e coidado do material, coas actividades ordenadas e rematadas: 10%. Os instrumentos de avaliación (recollidos na táboa anterior) serán os seguintes:
  - Observación: a través de listas de control para avaliar aspectos coma o desenvolvemento afectivo ou psicomotor, dificilmente medibles con outro tipo de técnica.
  - Diarios de clase: Anotando aspectos máis relevantes dos alumnos de cara á posterior intervención educativa.
  - Resolución de problemas: Consiste en solicitar ó alumno a resolución dun problema relacionado coas súas habilidades.
  - Intercambios orais cos alumnos: diálogos, asembleas...
  - Análise das producións dos nenos, orais ou escritas.
  - Rúbricas: Utilizadas para medir os logros derivados da consecución das competencias, xa que garanten unha avaliación obxectiva.

### **Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten especial importancia para a planificación da programación, especialmente na secuenciación do material e a programación, das necesidades específicas e, polo tanto, para o éxito da acción educativa. Non ten por que ser unha actividade especial, senón que se realizará nas primeiras sesións de traballo co alumnado. Ao longo dos meses de setembro e outubro recolleranse datos sobre os coñecementos que posúe o alumnado. A avaliación inicial levarase acabo a través de:



- Observación diaria do traballo do alumno na aula.
- Proba oral de contidos do nivel correspondente para ver os coñecementos previos sobre a materia.

Nesta avaliación inicial imos obter información sobre: coñecementos musicais e experiencias anteriores dos nenos, co fin de que a aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa; gustos e intereses; capacidades e aptitudes...

Este proceso cobra especial importancia con respecto ó ANEAE, xa que permitiranos establecer o tipo de actividades que faciliten a aprendizaxe segundo as dificultades presentadas. Os alumnos que o precisen recibirán reforzo educativo para axudarlles a mellorar o seu rendemento

### **Actividades de recuperación e reforzo para lograr dita recuperación**

Nos casos nos que non se acaden os mínimos esixibles ou sexa necesario levar a cabo un reforzo educativo na aula, se utilizarán materiais didácticos complementarios que permitan axustar o proceso de ensino-aprendizaxe (cancións con contidos similares aos traballados, xogos de repaso, actividades no encerado dixital, fichas de reforzo, etc.).

- Metodoloxía didáctica

A aprendizaxe será global, integradora, encamiñada a formar cidadáns e cidadás capaces de moverse no mundo actual con liberdade, respecto e responsabilidade, capaces de enfrontarse a novas situacións solucionando os problemas que podan xurdir e capaces de aprender de cada unha destas

situacións. A liña metodolóxica será:

- Global.
- Integradora e construtiva.
- Activa e participativa.
- Adaptada á diversidade, capacidades e intereses do alumnado.

#### *Tratamento didáctico dos bloques de contidos*

Os diferentes bloques de contidos serán traballados de forma combinada en todas as sesións. O mestre será o encargado de organizar os contidos para que isto sexa posible.

Bloque 1. Escoita: Os contidos teñen como obxectivo o desenvolvemento da percepción auditiva en tódalas fórmulas sonoras e musicais que forman parte intrínseca do feito musical. Nos procedementos inclúense a audicións de obras musicais, tanto como recurso para introducir diferentes contidos da linguaxe musical como un medio para esperta-lo interese artístico musical dos alumnos. Tamén se contempla a aprendizaxe significativa dos elementos da lectura e escritura musicais, como un paso posterior ás experiencias prácticas e experiencias auditivas.

Bloque 2. Interpretación musical: Este bloque fai referencia tanto á expresión instrumental como vocal. Con respecto á expresión instrumental, agrúpanse os contidos que poden contribuír ó desenvolvemento de habilidades motrices e de comprensión do fenómeno sonoro. A selección dos instrumentos debe adaptarse ás posibilidades do alumnado e medios dispoñibles. Con respecto á expresión

vocal a finalidade é educar, coñecer e potenciar as posibilidades da voz, tanto como medio de expresión, creación e interpretación, como o coñecemento de cancións de diversas culturas e épocas. O desenvolvemento do canto e da canción proporciona unha vía de acceso directo á comprensión dos elementos da linguaxe musical e promove as habilidades lingüísticas. Esixe ademais unha participación activa, traballo cooperativo e actitude de respecto por parte de todo o grupo, polo que en ningún caso deberá seleccionarse ós alumnos por razóns de aptitudes específicas.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza: A través deste bloque preténdese que os alumnos desenvolvan a súa capacidade de expresión e creatividade a través do propio corpo e da danza, desenvolvendo a súa psicomotricidade e axudándolles a organiza-las necesidades de expresión e comunicación que toda educación estética neces

### **Materiais e recursos didácticos**

Ordenador, equipo de son, discos, instrumentos de pequena percusión, frautas doces, instrumentos de láminas, tubos sonoros, musicogramas, contos, encerado branco e pentagramado, etc.

## **11.5 EDUCACIÓN ARTÍSTICA. PLÁSTICA**

- **Obxectivos**
- Identificar e analizar a cor e o contraste na arte e os nosos sentidos.
- Distinguir diferentes maneiras de mostrar o contraste

- Desenvolver autonomía e creatividade.
- Explorar unha gran variedade de materiais artísticos de maneira persoal.
- Observar e analizar diferentes texturas na arte.
- Usar diferentes técnicas para mostrar texturas.
- Observar e analizar o movemento na arte.
- Usar diferentes tipos de liñas para mostrar o movemento
- Observar e analizar o espazo na arte e as paisaxes.
- Analizar e interpretar elementos en fotos.
- Observar e analizar formas en arte e arquitectura.
- Debuxar formas usando liñas e sombras.
- Observar e analizar figuras e proporción.
- Debuxar figuras en proporción.
- Investigar sobre a obra de Velázquez "As Meninas"
- Identificar no cadro os personaxes que compoñen a obra.
- Describir os personaxes
- Aprender a describir un cadro de forma moi sinxela
- Adquirir vocabulario, en lingua inglesa, ligado ao mundo palaciego: rei, raíña, princesa, príncipe, palacio, infanta, bufón...
- Fomentar o interese pola Arte
- Motivar a actitude creativa e o sentido artístico
- Utilizar axeitadamente o material empregado
- Elaborar unha interpretación creativa e artística do cadro das Meninas baseándose na de Velázquez.
- **Programación das unidades (Anexo 5)**

- **Secuencia de contidos e actividades**

Os contidos de Educación artística (plástica) correspondentes aos bloques B1 e B2 establécense para todo o curso dado o seu carácter instrumental e xeral, baseado en intereses, actitudes e valores.

- **Temporalización**

A materia de ARTS ten unha sesión por semana dentro do horario lectivo. A maioría das actividades realizaranse nunha sesión ou as máis extensas en dúas.

A temporalización da materia será a seguinte, acorde aos tres bloques nos que se basea a mesmae ás festividades así coma o proxecto que levaremos a cabo sobre As Meninas no terceiro trimestre:

|              |                                      |
|--------------|--------------------------------------|
| 1º TRIMESTRE | - Swirling stars<br><br>-Christmas   |
| 2º TRIMESTRE | -Ancient patterns<br><br>- Easter    |
| 3º TRIMESTRE | -Sea colours<br><br>-Meninas Project |

- **Mínimos esixibles para este nivel para o logro das competencias clave**

Consideramos mínimos esixibles para unha avaliación positiva os estándares de aprendizaxe que se relacionan a continuación e que fan referencia aos relacionados anteriormente para cada bloquee área

## **BLOQUE 1 BLOQUE 2**

- EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
- EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.
- EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
- EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creación orixinais, integrándoos de diferentes maneiras.
- EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.

- **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Serán os seguintes:

- Observación directa e sistemática: ficha de rexistro ou ficha de seguimento
- Análisis de producións dos alumnos: traballos prácticos, probas prácticas, actividades e realizacións plásticas.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogo, participación en asemblea de clase...
- Utilizaremos para a recollida e anotación dos datos as producións dos alumnos/as

A cualificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso nas actividades e tarefas realizadas por parte do alumnado. Para iso, o profesor terá en conta e cualificará os diferentes aspectos tratados según os acordos do centro para este nivel.

| ELEMENTOS AVALIABLES   | PUNTUACIÓN MÁXIMA |
|--|-------------------|
| -Presentación dos traballos realizados-  |                   |
| -Creatividade.<br>-Adecuación dos traballos ó que se pide.<br>-Habilidade.<br>-Planificación e realización cumprindo as normas e prazos dados.<br>-Atención, interese e aplicación do aprendido<br>-Tarefas realizadas na aula | 70%               |
| -Interese e participación.<br>-Respecto.<br>-Responsabilidade en dispoñer do material necesario.<br>-Comportamento adecuado  | 30%               |

- **Metodoloxía didáctica**

A metodoloxía da clase basearase na aprendizaxe de diferentes técnicas artísticas mediante a aprendizaxe autónoma, en parella, traballo cooperativo, etc. Tamén utilízanse diferentes tipos de materiais acordes á temática de cada tema, podendo elixir cal é o máis indicado para cada proxecto. Outros dos aspectos para traballar será o traballo en equipo e cooperativo, animando aos alumnos para falar acerca das manualidades en parellas ou en grupos. Tamén poden falar sobre os seus proxectos finais ou presentalos en grupos reducidos ou por parellas. Fomentarase a colaboración nas actividades de procura de información a través das novas tecnoloxías. O traballo cooperativo é moi importante xa que traballar en grupo fai que o neno se enfrente a múltiples ocasións de interrelación nas que se conxugan continuo dar e recibir, pedir e ceder, dirixir e seguir, compartir, cooperar e comprender as outras individualidades coas súas diferenzas e necesidades.

O inglés estará incorporado no día a día da aula, utilizando vocabulario e as expresións relacionadas coas artes plásticas, utilizándoo tamén en interaccións de clase e exposicións.

- **Materiais e recursos didácticos**

A metodoloxía da clase basearase na aprendizaxe de diferentes técnicas artísticas mediante a aprendizaxe autónoma, en parella, traballo cooperativo, etc. Tamén utilízanse diferentes tipos de materiais acordes á temática de cada tema, podendo elixir cal é o máis indicado para cada proxecto. Outros dos



aspectos para traballar será o traballo en equipo e cooperativo, animando aos alumnos para falar acerca das manualidades en parellas ou en grupos. Tamén poden falar sobre os seus proxectos finais ou presentalos en grupos reducidos ou por parellas. Fomentarase a colaboración nas actividades de procura de información a través das novas tecnoloxías. O traballo cooperativo

é moi importante xa que traballar en grupo fai que o neno se enfrente a múltiples ocasións de interrelación nas que se conxugan continuo dar e recibir, pedir e ceder, dirixir e seguir, compartir, cooperar e comprender as outras individualidades coas súas diferenzas e necesidades.

O inglés estará incorporado no día a día da aula, utilizando vocabulario e as expresións relacionadas coas artes plásticas, utilizándoo tamén en interaccións de clase e exposicións.

#### **ANEXO 1 TEMPORALIZACIÓN**

|                       | <b>1ª AVALIACIÓN</b>    | <b>2ª AVALIACIÓN</b>        | <b>3ª AVALIACIÓN</b>       |
|-----------------------|-------------------------|-----------------------------|----------------------------|
| <b>C. SOCIAIS</b>     | Unidades 1, 2 e 3       | Unidades 4, 5 e 6           | Unidades 7, 8 e 9          |
| <b>C. DA NATUREZA</b> | Unidades 1, 2 e 3       | Unidades 4, 5 e 6           | Unidades 7, 8 e 9          |
| <b>MATEMÁTICAS</b>    | Unidades 1, 2, 3, 4 e 5 | Unidades 6, 7, 8, 9 e<br>10 | Ud. 11, 12, 13, 14 e<br>15 |
| <b>LINGUA CASTELÁ</b> | Unidades 1, 2, 3, 4 e 5 | Unidades 6, 7, 8, 9 e<br>10 | Ud. 11, 12, 13, 14 e<br>15 |

|                                  |                         |                          |                         |
|----------------------------------|-------------------------|--------------------------|-------------------------|
| <b>LINGUA GALEGA</b>             | Unidades 1, 2, 3, 4 e 5 | Unidades 6, 7, 8, 9 e 10 | Ud. 11, 12, 13, 14 e 15 |
| <b>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</b> | Bloque 1                | Bloque 2                 | Bloque 3                |
| <b>LINGUA INGLESA</b>            | Unidades 1, 2           | Unidades 3,4             | Unidades 5,6            |

## ANEXO 2 MATEMÁTICAS

### BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZ. | COMPETENCIAS CLAVE |
|------------|----------|-------------------------|-------------------------|--------------------|
|------------|----------|-------------------------|-------------------------|--------------------|

|                  |  |  |   |   |
|------------------|--|--|---|---|
| <p><b>bg</b></p> | <p>B1.2. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.</p> | <p>B1.3. Profundar en problemas resoltos proponendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.</p> | <p>MTB1.3.1. Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.</p> <p>MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propondo novas</p> | <p><b>CMCTCAA</b></p> <p><b>CSIEE</b></p> <p><b>CSIEE</b></p> |
|------------------|--|--|---|---|

|          |   |  |  |                |
|----------|---|--|--|----------------|
|          |   |  | preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.              |                |
| <b>g</b> | B1.3. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características ea súa práctica en situacións sinxelas. | B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas. | MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático. | <b>CMCTCAA</b> |

|                   |   |  |   |  |
|-------------------|---|--|---|--|
| <p><b>bg</b></p>  | <p>B1.4. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p>                                 | <p>B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.</p>   | <p>MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.</p> | <p><b>CMCTCSC</b><br/><b>CSIEE</b></p> |
| <p><b>bgi</b></p> | <p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.6.</p> | <p>B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras</p> | <p>MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.</p>                               | <p><b>CMCTCD</b><br/><b>CAA</b></p>    |

|  |  |   |  |  |
|--|--|---|--|--|
|  | Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións. |  |  |
|--|--|---|--|--|

## BLOQUE 2. NÚMEROS

|                    |   |  |   |   |
|--------------------|---|--|---|---|
| <p><b>begh</b></p> | <p>B2.1. Números naturais, decimais e fraccións.</p>                                  | <p>B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> razoamentos <input type="checkbox"/> apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas) <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>.</p> | <p>MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</p>  | <p><b>CMCT CCEC</b></p> <p><b>CCL</b></p> |
|                    | <p>B2.2. A numeración romana.</p>   |  |   |   |
|                    | <p>B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> |  |   | <p><b>CMCTCAA</b></p> <p><b>CCL</b></p>   |
|                    | <p>B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.</p>                        |  |   |   |
|                    | <p>B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración</p>                |  | <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos</p> |   |



|  |   |  |   |  |
|--|---|--|---|--|
|  | <p>decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <p>B2.6. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.</p> <p>B2.7. O número decimal: décimas e centésimas.</p> <p>B2.8. Fraccións. Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> |  | <p>apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> |  |
|--|---|--|---|--|



|                  |   |  |   |   |
|------------------|---|--|---|---|
| <p><b>bg</b></p> | <p>B2.10. Descomposición e redondeo de números naturais e decimais</p> <p>B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>B2.12. Identificación e uso dos termos propios da división.</p> <p>B2.13. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</p> | <p>B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p> | <p>MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.</p> <p>MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.3. Realiza operacións con números decimais na</p> | <p><b>CMCTCAA</b></p> <p><b>CMCTCAA</b></p> <p><b>CMCTCAA</b></p> |
|------------------|---|--|---|---|

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  | <p>B2.14. Concepto de fracción como relación entre las partes o todo.</p> <p>B2.15. Operaciones con fracciones.</p> <p>B2.16. Operaciones con números decimales.</p> <p>B2.17. Utilización de los algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</p> |  | <p>resolución de problemas contextualizados.</p> |  |
|--|--|--|--|--|

|           |  |  |   |  |
|-----------|--|--|---|--|
| <b>bg</b> | B2.26. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.<br><br>B2.27. Resolución de problemas da vida cotiá. | B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións. | <b>CMCTCAA</b><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><b>CMCTCAA</b><br><br><b>CSIEE</b> |
|-----------|--|--|---|--|



|  |  |  |   |  |
|--|--|--|---|--|
|  |  |  | <p>MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p> |  |
|--|--|--|---|--|

### BLOQUE 3. MEDIDA

|   |  |  |   |  |
|---|--|--|---|--|
| <p><b>beg</b></p> <p>☐ ☐ ☐</p> <p>☐</p> | <p>B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.2. Realización de medicións.</p> <p>B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.</p> <p>B3.4. Comparación e ordenación de medidas</p> | <p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p> <p>B3.2. Operar con diferentes medidas.</p> | <p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p> <p>MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non</p> | <p><b>CMCT CCL</b></p> <p><b>CAA</b></p> <p><b>CMCT CAA</b></p> <p><b>CMCT</b></p> |
|---|--|--|---|--|

|  |  |  |  |                    |
|--|--|--|--|--------------------|
|  | <p>dunha mesma magnitude.</p> <p>B3.5.Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.</p> <p>B3.6. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.</p> |  | <p>convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade</p> |                    |
